

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Proposta de regulación de atraccións feirais e venda ambulante temporal para o ano 2021*

#### **REGULACIÓN DE ATRACCIÓN S FEIRAIS E VENDA AMBULANTE TEMPORAL PARA O ANO 2021**

Posse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta entidade local, en data 23-06-2021, ditou a resolución con número 1552/2021 que deseguido se transcribe:

#### **Antecedentes**

**Primeiro.**—O Concello de Carballo é dende hai anos punto de gravitación de autónomos/as e empresas dedicadas ás atraccións feirais e á venda ambulante relacionada con festas e verbenas que están a sufrir a imposibilidade de prestar servizos debido ás restricións marcadas pola pandemia da Covid-19. É este un sector que leva meses sen posibilidade de traballar e cunha forte implantación no noso concello, demandando de forma reiterada poder prestar os seus servizos na Praza do Concello durante pontes e períodos vacacionais.

**Segundo.**—A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), en colaboración coa Unión de Industriales Feriantes de España (U.I.F.E), ven de elaborar e publicar un “Protocolo y guía de buenas prácticas dirigida a la actividad de los recintos feriales y atracciones de feria” de cara a fomentar maiores cotas de seguridade e hixiene en este tipo de recintos ao tempo que entende que se fai moi necesaria e urxente a reactivación profesional e segura do sector.

**Terceiro.**—O día 28/05/2021 o Diario Oficial de Galicia publicou a “Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia”. Esta Orde, no seu apartado 3.29, permite o reinicio da actividade de atraccións feirais, establecendo as condicións nas que debe facerse. É de aplicación, igualmente, o apartado 3.8 desta orde.

**Cuarto.**—A Ordenanza municipal reguladora de feiras e mercados periódicos e da venda ambulante no termo municipal de Carballo (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 32, do 09/02/2009) establece, respecto das actividades de venda ambulante exercidas de forma puntual, que se considerará venda ambulante en postos instalados na vía pública “aquela que se autorice para un número de postos, situación e período determinado.” (art. 3.c), e refire tamén (art. 3.e) a posibilidade de venda mediante camións ou vehículos-tenda. A ordenanza, no seu artigo 9, especifica que “a venda ambulante fóra das feiras e mercados sinalados só poderá exercerse previa autorización, para a cal se solicitará a documentación preceptiva e se recadará informe policial sobre a pertinencia da ubicación solicitada”. Finalmente, respecto da localización, o artigo 12 da ordenanza limita a posibilidade de instalación no espazo circundante ao Mercado Municipal de Carballo “para días ou períodos puntuais pola celebración de eventos especiais, e respectando os límites sinalados”.

**Quinto.**—A forte implantación do sector no noso concello, e a imposibilidade de instalación nos lugares habituais, nomeadamente na Praza do Concello, por ser un espazo reducido e con alta concentración de persoas que faría imposible o cumprimento dos aforos e distancias esixidos pola situación sanitaria, recomenda establecer zonas repartidas en distintos puntos do núcleo urbano para que se poidan desenvolver estas actividades, sempre seguindo o referido protocolo de boas prácticas antes citado e a normativa sanitaria que en cada momento sexa de aplicación.

De acordo con todo o anterior, RESOLVO:

**Primeiro.**—Regular, de forma temporal, a tramitación das solicitudes de instalación de atraccións feirais e postos de venda ambulante no termo municipal de Carballo fóra das feiras e mercados periódicos. As condicións de solicitude, tramitación e instalación suxeitaranse ás seguintes cláusulas:

#### **UNHA.—DELIMITACIÓN DE ESPAZOS**

A instalación de atraccións feirais e venda ambulante asociada realizarase en lugares próximos a parques infantís nos que a oferta de servizos de alimentación e produtos infantís sexa inexistente ou escasa e espazos amplos nos que se poidan organizar de xeito seguro.

As zonas previstas son:

- Estacionamento do Centro Comercial Bergantiños, na rúa Perú: dedicado a atraccións de feira e postos de alimentación: 5 postos grandes para atraccións feirais (9x9 metros) e 6 de tamaño medio (4X4).
- Contorna do parque Rego da Balsa: 2 postos de alimentación (3x3).

c) Praza do Concello: 2 postos de alimentación (3x3).

Por parte do Concello proporcionarase a cada persoa autorizada un plano indicando o lugar exacto de instalación de cada posto e a superficie a ocupar, non podendo instalarse fóra da zona sinalada nin ocupar máis superficie da indicada.

#### **DÚAS.-PERÍODOS DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN**

As autorizacións para a Praza do Concello limitaranse ás vésperas de festivos e festivos, cun máximo de catro días ao mes, polo xeral de xoves a domingo, debendo ser retiradas durante as horas de celebración da feira se coincide con esta.

As autorizacións para o resto das zonas serán quincenais, podendo instalarse todos os días da quincena ou días soltos. En caso de querer prorrogar a autorización á quincena seguinte o/a interesado/a deberá presentar unha nova solicitude que será estudada e precisará autorización expresa mediante resolución.

#### **TRES.-PRAZO DE SOLICITUDE**

As solicitudes formularanse entre o 20 e o 25 de cada mes anterior ao da ocupación solicitada, e nas solicitudes indicaranse as características de cada posto e a situación na que se manifesta interese (podendo indicarse máis de unha situación posible, caso no que se sinalará a orde de preferencia).

Admitiranse solicitudes formuladas fóra deste prazo, pero terán sempre preferencia, en caso de coincidencia, as presentadas dentro do prazo establecido.

#### **CATRO.-CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN**

O Concello de Carballo resolverá, no prazo de cinco días hábiles posterior á finalización do prazo de solicitude, as solicitudes, autorizando ou denegando a instalación das atraccións feirais e postos de venda ambulante. A resolución de autorización determinará a situación concreta de cada posto, a superficie autorizada a ocupar e as datas autorizadas.

En caso de que para algún dos espazos e para algunha concreta data se formularan máis solicitudes que postos a autorizar, o Concello de Carballo fixará día e hora para un sorteo público no que se determinará a orde de prelación para acceder a cada posto. De haber máis solicitudes que postos a adjudicar, autorizaranse tantos postos como espazo dispoñible e establecerase unha listaxe de reserva (de acordo co sorteo realizado) para posibles renuncias posteriores.

Para o caso concreto da Praza do Concello, establécese un sistema de rotación semanal, de tal xeito que, de existir máis solicitudes que espazo para autorizar, cada posto será autorizado para unha semana (coas limitacións de días antes sinaladas), e unha vez vencida esta autorización autorizaríase nas seguintes semanas de acordo coa orde da listaxe de reserva.

No resto dos espazos, a rotación será quincenal, con idénticos criterios: autorización por período de quince días (ou período inferior solicitado) e chamamento de acordo coa listaxe de reserva para o seguinte período quincenal.

Estableceranse, alí onde convivan, dúas listaxes diferenciadas, por un lado para postos de alimentación, e por outro para postos de atraccións feirais.

#### **QUINTO.-CONDICIÓNS XERAIS**

O horario permitido para a apertura será de 10.00 a 21.00, non podendo ter ningún tipo de música ambiental nin emisor de sons molestos para os/as veciños/as.

As instalacións autorizadas deberán cumprir co Protocolo e Guía de Boas Prácticas vixente en cada momento e as autorizacións expediranse conforme ao disposto na ordenanza de venda ambulante vixente e na Ordenanza Fiscal 24 "Taxa pola instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións de recreo situados en terreos de uso público local, así como industrias ambulantes e de rodaxe cinematográfica". Será de aplicación a normativa autonómica para o control da pandemia da Covid-19 vixente en cada momento, así como a restante lexislación sectorial ou con incidencia na materia.

As autorizacións entenderanse como provisionais, quedando suspendidas no momento no que as autoridades sanitarias establezan a prohibición de apertura deste tipo de actividades debido á situación sanitaria derivada da Covid-19, sen posibilidade de indemnización algunha por parte do Concello á persoa autorizada en caso de non ser posible a apertura na totalidade dos días que consten na autorización. Igualmente, as autorizacións quedan condicionadas aos informes que poidan emitir as autoridades, sinaladamente a Policía Local, respecto de calquera alteración á convivencia, a vía pública...

**Segundo.**–Abrir un prazo extraordinario de cinco días hábiles, que comezarán a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para a formulación das primeiras solicitudes.

**Terceiro.**–Publicar esta resolución, para xeral coñecemento, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos do Concello de Carballo e na páxina web municipal.

Carballo, 28 de xuño de 2021.

Evencio Ferrero Rodríguez

Alcalde de Carballo